

Obradoiro II. "Contar o Cambio: Comunicación, CSRD e Reporte Sostible"



24 setembro 2025



09.30h – 14:00h



Hotel Palacio del Carmen

Clusaga, en colaboración coa **Consellería de Medioambiente e Cambio Climático** no marco da **Alianza Galega polo Clima**, e con **Vegalsa-Eroski** como empresa tractorsa, organiza a segunda sesión do **Programa para a sustentabilidade e descarbonización da industria alimentaria galega**.

Este obradoiro pretende que as empresas alimentarias sexan capaces de entender cal é o proceso de elaboración dunha memoria/informe de sustentabilidade e poidan ter clara a estrutura, de maneira que poidan coordinar as tarefas e as responsabilidades dentro da organización. En función do desenvolvemento lexislativo empregárase como referencia as NEIS v2, ou o Estándar Voluntario para Pemes, cuxo coñecemento é útil tamén para as empresas non obrigadas a reportar baixo a CSRD.

Búscase un enfoque participativo e interactivo e traballarase a través do método de caso. Traballarase en grupo para poñer en práctica os conceptos abordados durante o obradoiro.

Para participar neste ciclo de obradoiros enmarcado no programa **Proalis Carbon**, de carácter gratuíto, é necesario inscribirse a través do seguinte formulario para realizar un autodiagnóstico previo.

Más información

✉ circular@clusaga.org

📞 682 616 021

FORMULARIO DE INSCRIPCIÓN

PROGRAMA

09:30 **Bienvenida**
Perla Ferrer | Clúster Alimentario de Galicia

09:40 **Obradoiro II. "Contar o Cambio: Comunicación, CSRD e Reporte Sostible"**

- **Fase teórica:** descrición dos temas que se deben incluír na memoria de sustentabilidade, a súa estrutura e os estándares de referencia a seguir tanto para aquelas empresas obrigadas pola lexislación ao reporte como para aquelas que non están obrigadas.
- **Fase práctica e interactiva:** abordarase a través do método do caso centrado en escenas dunha hipotética organización do sector alimentario. Traballarase o deseño dun cronograma, o equipo implicado e os pasos para a elaboración. Ademais, tratarase a xestión da información desde o punto de vista das persoas responsables dos datos e dos sistemas de información como ferramentas. Presentaranse exemplos de informes publicados, realizando unha análise de fortalezas e debilidades.